

Informe sobre contido dos informes sectoriais previstos no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (Concello de Láncara - Expediente XCP 23/040)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- Con data do 13.06.2023 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Núm.2023/1747334) oficio do Concello de Láncara no que expón o seguinte:

"Que me dirixo a esa Xunta consultiva para interesar un pronunciamento ou informe sobre o contido de deben ter as autorizacións ou informes favorables previos á obtención do título habilitante municipal requirida polo artigo 36 da Lei 2/2016, no solo rústico de especial protección, e si emitido o informe polo órgano sectorial sen pronunciamento expreso sobre o seu carácter favorable, debe entenderse como un informe desfavorable que impide a obtención do título habilitante municipal.

[...]

En definitiva, as alcaldías, na instrucción dun expediente de autorización de obras en solo rústico de especial protección, atopámonos con que o informe do órgano coa competencia sectorial correspondente límitase a enumerar a normativa de aplicación, sen pronunciamento algún sobre o carácter favorable ou desfavorable do proxecto que se somete á autorización ou informe.

Este tipo de informes dos organismos competentes en materia sectorial en expedientes de obtención de título habilitante en solo rústico impide que as alcaldías, ou órgano en quen deleguemos a competencia, poidamos terminar os procedementos administrativos mediante unha resolución que cumpra coa Lei do Solo de Galicia, ben estimatoria do título habilitante (no caso de informe sectorial favorable) ou ben desestimatoria (no caso de informe sectorial desfavorable)".

Á vista do anterior, o concello solicita informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre as seguintes cuestións:

"- A necesidade de que o informe exixido no citado precepto legal conteña o pronunciamento expreso dos órganos sectoriais competentes no solo rústico de especial protección sobre o carácter desfavorable ou favorable do uso ou actividade que se somete a autorización ou informe para entender cumprido o trámite do artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia.

- Sentido da resolución finalizadora do procedemento de habilitante municipal para usos ou actividades en solo rústico de especial protección cando nun expediente municipal se solicita a autorización ou informe dos órganos sectoriais competentes, e estes emiten o informe sen pronunciamento expreso sobre o seu carácter favorable ou desfavorable.

- Se a falta de pronunciamento sobre o carácter favorable ou desfavorable do informe dos órganos sectoriais que teñen atribuída a competencia en usos ou actividades en solo rústico supón un suposto de responsabilidade patrimonial dos órganos sectoriais citados, xa que impiden ós promotores a obtención dunha resolución expresa no procedemento de título habilitante municipal".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo,



correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Láncara conta cun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 22.02.2013, publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do 08.03.2013 e publicada a súa normativa no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* do 23.03.2013, coas corrección de erros materiais aprobadas por Orde do 08.10.2013 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (DOG do 24.10.2013); e Orde do 26.11.2019 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG do 04.02.2020).

A disposición transitoria primeira da LSG, relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece:

"1. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte ás seguintes regras:

[...]

d) Ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías contidas no planeamento respectivo".

En consecuencia, ao solo rústico do Concello de Láncara aplicaráselle o réxime xurídico regulado na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG).

TERCEIRA.- A consulta municipal versa sobre o contido dos informes ou autorizacións sectoriais previos á obtención do correspondente título habilitante municipal esixidos pola normativa urbanística no solo rústico de especial protección.

O artigo 32.2 da LSG establece que os propietarios ou propietarias de terreos clasificados como solo rústico, logo da obtención do título habilitante de natureza urbanística, poderán destinalos aos usos regulados no artigo 35.1 da mesma lei, referido aos usos admisibles en solo rústico.

Pola súa banda, o artigo 34.1 da LSG establece que o planeamento urbanístico clasificará como solo rústico de especial protección *"... os terreos afectados polas lexislacións sectoriais de protección do dominio público marítimo – terrestre, hidráulico ou de infraestruturas ou polas de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais"*.

Co fin de salvagardar tales competencias sectoriais e os intereses xuridicamente protexidos, o artigo 36.2 da LSG establece que *"En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva ..."*

O artigo 51.2 do RLSG reitera a anterior previsión, se ben engade o seguinte:



“2. Nos terreos clasificados como solo rústico de especial protección poderán realizarse os usos, actividades e construcións enumerados no artigo anterior, sempre que sexan permitidos pola correspondente lexislación sectorial, por resultar compatibles co réxime de especial protección.

En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte (artigo 36.2 da LSG).

Para os efectos previstos neste artigo, a competencia para emitir a autorización ou informe favorable virá determinada en función da categoría de solo rústico obxecto de especial protección de que se trate. O prazo para a emisión do referido informe será de dous meses, transcorrido o cal, se entenderá emitido con carácter favorable. No suposto de que o órgano sectorial deba emitir informe ou autorización en virtude da súa propia normativa sectorial, poderá pronunciarse tamén para os efectos do previsto neste artigo.

Non obstante, non será preceptiva a emisión da autorización ou informe favorable a que se refire este número no caso de obras menores definidas no anexo I deste regulamento, agás norma sectorial que o exixa expresamente”.

CUARTA.- Efectuadas as anteriores consideracións, a primeira cuestión suscitada refírese ao contido dos informes esixidos polo artigo 36.2 da LSG, en concreto, se deben recoller un pronunciamento expreso sobre o seu carácter favorable ou desfavorable.

Para estes efectos, convén salientar que o informe previsto no artigo 36.2 ten carácter preceptivo posto que, de acordo co artigo 79.1 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas* (LPAC), vén esixido por unha disposición legal e debe ser solicitado polo órgano competente en todo caso sen necesidade de argumentar ou fundamentar a razón de solicitalo, resultando suficiente, para estes efectos, a cita do precepto que o exixa, é dicir, do artigo 36.2 citado.

Así mesmo, tales informes sectoriais terán carácter vinculante na esfera municipal cando sexan desfavorables á actuación pretendida, non así cando teñan sentido favorable, en cuxo caso os órganos municipais competentes poderán denegar a solicitude formulada no suposto de que non concorran os requisitos ou condicións impostas pola lexislación aplicable en materia de urbanismo.

A normativa urbanística, concretamente os artigos 36.2 da LSG e 51.2 do RLSG, unicamente esixe que tales informes sexan “favorables”, sen facer ningunha referencia ao seu contido específico, que será determinado por cada organismo sectorial en atención á súa propia normativa e competencias.

En calquera caso, os ditos informes deberán conter un pronunciamento expreso sobre o seu sentido favorable ou, de non ser así, o mesmo deberá resultar de forma clara e inequívoca do seu contido, de xeito que non existan dúbidas sobre a conformidade da actuación pretendida coa normativa sectorial de que se trate.

Sen prexuízo do anterior, nada obsta para que o concello solicite as oportunas aclaracións do organismo sectorial co fin de poder continuar coa tramitación do procedemento.

Polo tanto, naqueles supostos nos que o informe sectorial non sexa favorable nos termos indicados, o concello non poderá outorgar o correspondente título habilitante municipal.



QUINTA.- Para concluír, o concello consulta se a falta de pronunciamento sobre o carácter favorable ou desfavorable do informe dos órganos sectoriais constitúe un suposto de responsabilidade patrimonial.

Respecto desta última cuestión, cómpre indicar que a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo ten entre as súas funcións a interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, polo que a análise da posible concorrencia da responsabilidade patrimonial por tal motivo excede das competencias deste órgano e deberá ser examinada polo concello.

CONCLUSIÓN

- 1.-** Os informes previstos nos artigos 36.2 da LSG e 51.2 do RLSG deberán conter un pronunciamento expreso sobre o seu sentido favorable ou, de non ser así, o seu carácter favorable deberá resultar de forma clara e inequívoca do seu contido, de xeito que non existan dúbidas sobre a conformidade da actuación pretendida coa normativa sectorial de que se trate.
- 2.-** O concello non poderá outorgar o correspondente título habilitante municipal naqueles supostos nos que o citado informe sectorial non sexa favorable nos termos indicados.
- 3.-** A análise da concorrencia de responsabilidade patrimonial constitúe unha cuestión que deberá ser examinada polo concello á vista das circunstancias concorrentes e que excede das competencias da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

